

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2012/03

CARACTER:EXTRAORDINARIA
URXENTE

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 28 DE MARZO DE 2012.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **28 de marzo de 2012** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
Dona María Teresa González Piñeiroa.
D.Xavier Campos López.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D.José Manuel Yañez Dablanca
D^a Azucena González Loreda.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario acctal:

D. Fidel Maañón López.

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Técnico de Admon. Xeral.

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2012.13.01.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE APROBAR ANTES DO 31 DE MARZO DE 2012 O PLAN DE AXUSTE PREVISTO NO ART. 7 DO R.D. 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO, E A IMPOSIBILIDADE MATERIAL DE PRESENTARLO CON ANTERIORIDADE.

Dase conta pola Alcaldía-Presidencia das razóns que motivan a convocatoria da presente sesión, que segundo se enuncia no epígrafe se trata de formular o Plan de axuste previsto no artigo 7 do RD 4/2012, de 24 de febreiro.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade, en votación ordinaria acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

2012.14.02.- PLAN DE AXUSTE PREVISTO NO ART. 7 DO R.D. 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO POLO QUE E DETERMINAN OBRIGAS DE INFORMACIÓN E PROCEDIMENTOS PARA ESTABLECER UN MECANISMO DE FINANCIACIÓN PARA O PAGO AOS PROVEEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS.

Por Intervención dase conta do Plan de axuste previsto no artigo 7 do Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febreiro polo que se determinan as obrigas de información e procedemento necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, e que obra no expediente.

Intervén o Sr. Alcalde, en primeiro lugar, e comenta que as urxencias son as que marca o goberno do Estado, e incluso ás veces marca tanta urxencia que dous días atrás, pola noite, estaba mandando novas instrucións para redactar o Plan de Saneamento que había que presentar de maneira emerxente e explica que tiñan que facelo no día de hoxe, porque ó día seguinte hai folga xeral e o goberno municipal está de acordo con ela, polo tanto non consideraron que fose un bo día para celebrar o pleno.

O venres di que sería posible, pero atendendo a un criterio moi solvente dos técnicos municipais que tiñan medo a que coincidira, ao igual que ten pasado nas plataformas dixitais con outras cuestións relativas ao Plan E, que houbo problemas de colapso no prazo, polo que consideraron prudente non facelo o venres, xa que podía dar problema informático como se ten dado noutros momentos no concello de Ribadeo, nesta mesma plataforma.

Considera que o importante é a proposta que se elaborou por parte do goberno municipal, que se fiscalizou.

De seguido cede a palabra ao Sr. Concelleiro de Economía e á Interventora para que fagan as súas explicacións ou, se o prefiren, empezan unha quenda de debate.

A Sra. Interventora, explica que o Plan foi elaborado polo equipo de goberno pero cunha colaboración directa da Intervención. Anuncia que no informe de Intervención dise o que foi a realidade, xa que o tempo foi moi xusto e cabería resaltar a disposición da Interventora, que por unha cuestión de saúde nin tan sequera puido asistir un día ao posto de traballo, así que en prazos tan curtos a cousa foi moi xusta. Explica que o Ministerio no formato Excel daba unhas pistas de por onde debía ir o Plan de Axuste. Establecía que en materia de ingresos o incremento que se podía prever debía ir correlativo á taxa anual de crecemento media nos últimos 3 anos, que se obtén no 2009 e 2010 das contas xerais aprobadas, e no 2011 do estado de execución, xa que non está feito o peche do exercicio previo, que se realiza no mes de marzo por mandato da Lei de Facendas, e con todo o volume de traballo non está rematado, cando o normal sería que si que estivese pechado.

Estima que na próxima semana a liquidación estea aprobada. Explica que poñían unha serie de exemplos de medidas que se poderían adoptar tanto na materia de gastos como de ingresos. Fundamentalmente, observou que a maior parte das indicacións en materia de ingresos, o axuste de taxas, o axuste impositivo levouse a cabo xa no exercicio de 2011 e o único que se fixo foi, con criterio de prudencia, estimar a baixa da repercusión desas modificacións da ordenanza. Explica tamén que existe outro axuste moi importante que é o que se pode derivar da aprobación do Plan de Ordenación.

Continúa coa súa intervención a Sra. Interventora e indica que pola banda dos gastos, existen unhas pistas, aínda que a inmensa maioría non son aplicables a un concello que carece de empresas, de organismos autónomos, por iso existe unha indicación que se explica na memoria de alcaldía de medidas que non aparecen contempladas, pero que non deixan de ser un compromiso de minoración de gastos, que non se poden indicar a través de Lei Estatal e Autonómica ou ordenanza municipal, senón que son un compromiso de menor gasto, que deixa de ser unha declaración de intencións dende o momento en que se aproba o Plan, xa que existe unha declaración expresa de compromiso de cumprimento desas intencións.

Explica que o informe de Intervención estima que a previsión en ingresos foi prudente e a previsión en gastos ten que ser algo que debe cumprirse, non existe un impacto dunha medida concreta, senón que é unha contención de gastos que hai que cumprir si ou si. A realidade que se observou cando se fixo a previsión de ingresos foi que os primeiros anos obrigan a unha contención moi importante do gasto, porque por un lado, aínda que non entra a amortización de capital na nova operación, paga en xuros máis que algunha operación de crédito en capital. Por outra banda, no ano 2017 finaliza o último dos créditos que pesan sobre o concello, e canto máis ao final estás máis capital amortizas.

Manifesta tamén a Sra. Interventora que como se observa no Plan, existe a necesidade de que máis de 400.000€ estean dispoñibles en efectivo anualmente para facer fronte só á amortización de capital de créditos. Se se cómpre a previsión de que en 2016 entre en vigor unha nova revisión catastral, a situación mellora moitísimo. Dende a propia Dirección Xeral do Catastro, comentouse que o feito de que a última "ponencia" de Ribadeo sexa do ano 1987 faille perder ao concello un millón de euros anual, máis do 10% do orzamento, unha circunstancia que afecta moitísimo nun plan a 10 anos, pero que se ten que cumprir. Di que parece factible, que o Plan

está inicialmente aprobado, estímase dous anos para a súa aprobación definitiva e dáselle un ano máis ao catastro para facer esa revisión.

Informa que coa consideración dos ingresos, os gastos veñen dados, non hai moitas máis medidas, se os ingresos teñen esa evolución. Explica que na parte de previsión dos servizos, Intervención mantén o que sinalou no informe, consígnanse datos reais, aínda que con tempo poderían ser moitísimo máis axustados e máis concretos. Ante a dúbida restáronse ingresos e prevíronse gastos de máis. Informa que é moi posible que o gasto de servizos sociais teña unha cobertura maior e que o gasto maior sexa menos, pero ante a dúbida deuse o gasto maior e o ingreso menor. Parécelle o correcto.

De seguido toma a palabra o Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, comenta que todo o proceso veu dado con certa precipitación. Entende que non é o mes nin a etapa idónea para facer este Plan, xa que os concellos están no peche do orzamento do exercicio anterior, algo que é vital para o Plan de Saneamento. Ao mesmo tempo, carece de rigorosidade, xa que por un lado estase facendo un plan de saneamento estimando cifras. Di que a cifra definitiva do que se vai someter a préstamo non se sabe ata finais de abril, é máis, agora mesmo 1.780.000€ xa están reducidos en 100.000€ con pagos realizados esa mesma semana. Anuncia que aínda queda un mes e están á espera dos orzamentos do Estado e non saben como vai crear a participación de tributos do Estado.

Tampouco saben como lles van afectar as modificacións orzamentarias que faga a Xunta, que poderán afectar pola participación dos Fondos de Cooperación da Xunta. Manifesta que iso priva de rigorosidade ao actual Plan, que está feito sobre estimacións que poden diferir da realidade, aínda que non moito. Explica que, como é un Plan a 10 anos, barállanse cifras estimativas en ingresos e en gastos, que son vinculantes e crean obrigas. Admite que os datos están á vista.

A continuación intervén o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que comparte o que di o concelleiro de Economía en canto á precipitación e en canto ao carácter virtual do Plan. Tamén comparte o que dixo a Interventora, xa que o goberno municipal partiu do que coñece de 2011, que a oposición non coñece. Di que se foi moi precipitado e laborioso para o goberno municipal e para o equipo técnico, a eles fáltranlles moitos máis elementos de xuízo. Considera que se basea no 2012 que non coñecen e no Plan Xeral de Ordenación Municipal, que é “futurible”. Cre que se pretende pasar a 200.000€ no ano 2016 e a un millón no 2022, en canto a licencias e pode ser ou non, pero parécelle unha previsión esaxerada. Ten unha dúbida respecto á subida do IBI de 2012/2013, que é temporal, xa que cre que se vai manter para o futuro.

En canto a gastos, non cre que haxa moita contención, xa que se fala de aforrar na adjudicación recente dun contrato de servizos para atención a persoas dependentes, que reducirá o gasto. Non sabe de que contrato se fala.

En canto a persoal, di que o que figura é o “chocolate do loro”, xa que se fala dunha nova relación de postos de traballo que permitirá un aforro de 30.000€, di que iso é unha praza, que non se vai aforrar nada, cando hai unha parte importante de persoal de gabinete que é moito dicir que se vaia prolongar no futuro. Considera que se vai cargar no cobrar ou recadar máis, xerando taxas e impostos e no futurible do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que di que é como administrar a finca da outra vida, que é moi rendible a moitos efectos, pero para eles non vale. Comprenden o dificultoso que é obter datos concisos e reais, e le o que di a Interventora “requiriría dun estudo de custes pormenorizado e considerar a evolución dos mesmos antóllase case imposible”.

Considera que formula dúbidas, porque sen ese cálculo é moi difícil facer un Plan. Non sabe o que opinará quen está chamado a analízalo. Cre que á oposición tamén lle afecta o escaso tempo. Estima que o informe de intervención faille fronte ás esixencias cambiadas e improvisadas que impón o goberno do Estado e tamén ás imposicións de tipo político do goberno municipal de non tocar determinados capítulos. Insiste en que o que define ao Plan non é o aforro, senón o aumento de taxas e gravames, por conseguinte anuncia que non vai prestar o seu voto a favor.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, intervén e manifesta que considera que o Plan de Axuste baséase en valores impositivos. Cre que só aumenta a presión fiscal e non se basea nun control de gastos, que é unha prioridade. Pon como exemplo varios apartados que non se tocan, como o número de persoal de confianza, contratos externos, redución de cargas administrativas aos cidadáns, modificación de proporción da corporación local ou redución de prestación de servizos non obrigatorios. Di que non hai unhas medidas de axuste como as que faría unha familia en época de crise, controlando gastos innecesarios, como subvencións que se podían acurtar, control de custes de empresas externas como limpeza ou gabinete de prensa. Considera que non se recorta en gastos superfluos.

A continuación intervén a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, admite que sempre é moi crítica co persoal, pero quere felicitar ao persoal de Intervención e Secretaría, porque cre que fixeron milagres, xa que o tempo era moi xusto e a encomenda era complicada. Quere transmitir tamén a felicitación de xente coa que falou coa persoa que está informando aos provedores. Considera que cando se fixo a relación previa a atención aos provedores foi moi boa por parte dos técnicos. Anticipa que o seu grupo vai votar en contra do Plan de Axuste por dúas razóns: Que o plan compromete e condiciona a xestión futura do concello ata o ano 2022, é dicir, tres lexislaturas, polo que se debería contar co resto dos grupos para que aportasen as súas ideas, xa que lles gustaría ter sido partícipes.

A segunda razón é que eles farían outro plan diferente.

Manifesta tamén a Sra. González Loreda que o seu Grupo está de acordo nalgúns cuestións, como que os ingresos están baseados no PXOM, nas subidas que se aplicaron o ano pasado, que constitúen 140.000€ anuais. Tamén informa que a subida do 10% do IBI por parte do goberno central, que era unha cuestión transitoria, queren mantelo no tempo. Considera que o Plan é prudente, non cre que se estean inflando os ingresos, pero bota de menos un compromiso político de contención de gasto e de austeridade. Refírese a que os gastos que se minoran son gastos puntuais, como a homenaxe de Calvo Sotelo, de 10.000€, do Plan Leader, que xa non teñen etc.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Economía, puntualiza que sí, que van ter Plan Leader con achegas económicas, xa que segue pendente da Comunidade Europea.

A Sra. González Loreda considera que non é momento de discutir sobre o Plan Leader, pero que ela está na Xunta directiva e se quere debaten sobre o Plan Leader.

Continúa dicindo que o que se fai é sacar gastos que estiveron nos orzamentos de 2011 pero nos seguintes non van estar porque non se van repetir.

Cre que si que se poden dar outro tipo de gastos, como outro Plan de tema rural ou de turismo, no que o concello teña que facer unha achega. Non lle parece suficiente como cuestión e compromiso político. Anuncia que eles farían outras cousas que serían compromisos políticos e sería importante porque atarían moitos anos adiante, e sería redución de persoal de confianza, revisión da RPT que non tería unha repercusión económica importante, pero si en cuestións organizativas. Cre que poden renegociar servizos, xa que se vai pagar á empresa subministradora de electricidade de último recurso 256.000€, tamén se poden negociar as telecomunicacións ou a limpeza, para aforrar.

Continúa a Sra. González Loredo no uso da palabra e dí que lle gustaría que houbo un plan de redución de custos correntes, como telefonía, material funxible etc. por unha cuestión de control. Con respecto ás taxas por prestación de servizos, cre que hai servizos tremendamente deficitarios aos que se lles debe prestar un pouco de atención, como a escola municipal de música e danza. Informa que non se contempla en ningún momento mancomunar servizos con outros concellos, o que tamén suporía un aforro. En canto á redución de contratos “externalizados”, sobre todo en temas deportivos e culturais, cre que se poden facer con traballadores do concello, como por exemplo no departamento de Medio Ambiente, onde hai unha persoa perfectamente titulada e igual hai auditorías que fan outras empresas, que se poderían facer dende o concello.

Refírese tamén á seguridade xurídica, ao gabinete da Deputación, que non se está utilizando e se están contratando avogados. Cre que hai que prestar máis atención ó diñeiro que pode vir de fóra, xa que lle parece importante facer un plan de aforro enerxético e informa que o ano pasado houbo unhas subvencións, pero que o concello non solicitou. Tamén houbo outras subvencións para o polígono industrial que tampouco se solicitaron, polo que considera que se queixan do que lles dan aos de fóra, pero que polo menos deberían de pedir as subvencións. Anuncia a súa intención de votar en contra.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, refírese ás taxas e aos prezos. Chámalle a atención que a Sra. González Loredo dicía que eran deficitarios, explica que o propio Plan de Axuste contempla a necesidade de adaptación dos custes do servizo ao custe real, polo que é evidente que hai que subir taxas. Di que se critica que todo vaia pola vía de recadación, pero é inevitable, xa que a propia orde esixe a adaptación do custe dos servizos. Respecto ao IBI ou ós gastos que van repercutir este ano, di que 140.000€ supóns só a subida do IBI do 10%, explica que non sabe cal vai ser a participación nos tributos do Estado. Respecto ao resultado da liquidación de 2010 que comunicaron recentemente, non entende como o 2010 pode arrojar un resultado positivo de 217.000€ e o 2009 negativo de aproximadamente 334.000€, polo que non lle cadran as contas.

Di tamén que eses cartos se incorporan directamente ao 2012. Considera moi complicado especular co que vai ser o futuro, o resultado liquidativo dos exercicios posteriores, polo que barallan estimacións e iso é inevitable. Explica que se fala de buscar aforro e redución de custe e xa se está facendo, por exemplo un plan de aforro enerxético que se traballa sobre bases legais, non virtuais, e precísanse datos reais con resultados para poder chegar a acollerse a un sistema concreto e neso están, e está bastante avanzado. Refírese ao caso da tarifa eléctrica de 250.000€, que inclúe o gasto enerxético e o contrato non contempla unha parte que tivo que devolver E.On do exercicio do 2009 a 2011, que se regula por un novo contrato asinado recentemente e que está sen pechar definitivamente, pero que reduciría o custe, posiblemente

serían preto de 200.000€ e, ó mesmo tempo, xa se traballou no tema do aforro en liñas de alumeados, probando sistemas de iluminación con redución dos que están tomando datos.

Sinala igualmente o Sr. Concelleiro que non toman decisións sen datos reais e efectivos, xa que acollerse ao primeiro que sae é precipitado pola evolución en canto a tecnoloxía e luminarias, á parte de que non lles da unha rigorosidade. Estiman que no mes de marzo ou abril haberá datos concretos do que están falando, polo que haberá aforro real de cara a redución de custes. Explica que coa telefonía xa se negociou e xa se fixo, xa que se reduciu nun 40% nos últimos anos, xa que se pasou de 50.000€ a 30.000€, polo que se fixo unha labor importante. Considera que en temas de consumibles xa se leva traballando máis de un ano.

En canto a prudencia na anulación de gastos que figuran nos orzamentos, prevese que pode haber outros imprevistos, por iso está a prudencia da compensación. Son conscientes de que comprometen outras lexislaturas, pero tamén se miran a escala de anos posteriores, obsérvase que se libera a futuras lexislaturas en canto a previsións, porque o endebedamento de 2011 en 2015 queda equiparado, incluída a actual operación, polo que non compromete outras lexislaturas no caso de endebedamento. Respecto ao caso de amortización, pensa que vai ser inferior, polo que estes datos demostran que non se hipotecan senón todo o contrario.

O Sr. Alcalde propón abrir unha segunda quenda de intervencións.

O Sr. Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE manifesta que non vai entrar a discutir os temas de aforros, nin de lámpadas nin de tecnoloxía inherente ás luminarias, cre que preguntou sobre a adxudicación recente dun contrato de servizos para atención a persoas dependentes que reducirá o gasto pero que non saben quen é.

O Sr. Castro Reigosa explica que o contrato é de adxudicación moi recente, polo que non se deu conta e entrará no seguinte pleno, modifica ao anterior e hai unha nova adxudicación que reduce custes.

O Sr. Alcalde explica que é un contrato a unha empresa externa que presta servizos de axuda á dependencia.

O Sr. Gutiérrez Fernández toma nota da explicación. Insiste na caracterización de “futuribles” e moi dubidosos. Baséase na memoria que presenta a alcaldía e no Informe de Intervención. Considera que non hai ningunha garantía de aforro e pídelles que se fixen nas cousas importantes, por exemplo no gabinete de prensa ou na “ultracarga” de persoal en determinados servizos, onde se fala dun aforro de 30.000€. Non cre que haxa un compromiso de que a modificación da relación de postos de traballo conduza a aforro, senón a maior gasto, polo que cre que é unha política de carga impositiva, e eles estiveron en contra da política fiscal do concello, polo que non van prestar o seu apoio a que siga esa política no futuro.

O Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, considera que xa está moi falado que está baseado en cargas impositivas, e cre que o equipo de goberno pensa que Ribadeo é un concello rico e non toman medidas serias na redución do gasto. Di que hai cousas moi interesadas. Fala de aforrar en cultura, pero non en sanidade ou educación. Cre que hai informes externos de Medio Ambiente que se poderían facer dende dentro, porque comenta que para ter a praia das Catedrais como está ás veces. Considera que se pode reducir en persoal de confianza, en

subvencións a festas ou asociacións. Informa que moitos concellos están rebaixando en subvencións no seu Plan de Axuste. Refírese a que se gaste nunha obra de teatro 1.400€ e ironiza que “somos ricos”. Anuncia a súa intención de votar en contra.

A Sra. González Loredo, do Grupo Popular, matiza que non lle explicaron se van prolongar a subida do IBI do goberno. Di que van axustar o custe dos servizos coa recadación e parécelle moi ben, pero di que fala da Escola de Música.

O Sr. Castro Reigosa responde que non só hai que reducir na Escola de Música.

A Sra. González Loredo di que non viu que foran subir as taxas da Escola de Música ou impostos. Di que reclaman a participación dos tributos do Estado, pero se teñen en conta que teñen problemas para saber a liquidación do concello, considera que piden aos demais o que o concello non é capaz de facer.

O Sr. Castro Reigosa contesta que se refire á participación dos tributos do Estado para 2012.

A Sra. González Loredo di que están sen aprobar porque non podían aprobarse antes. Explica que a participación no Plan é porque o partido que está gobernando precisa que se fagan cousas xa, e consideran que se debe meter no mercado directamente a pequenas, medianas empresas e autónomos e hai que facelo xa e se ó persoal dos concellos lle resulta complicado, pois sínteo pero xa lles deu as grazas. Considera que o modelo do Ministerio non pide que se reste exactamente nunha subvención, trátase dunha declaración de intencións e de que digan que liñas van seguir.

Refírese ao aforro enerxético, aclara que ela non dixo que se tivera que incluír nun plan e non ten constancia de que estean facendo algún plan, pero no caso de estar facéndoo aínda peor, xa que hai unhas subvencións do 80% para facer plans e non as solicitan. Considera que están gastando en cousas que non tiñan que gastar, porque ademais son compatibles con outras subvencións. Di que son subvencións de Industria, do INEGA, para elaborar plans de aforro enerxético, explica que tamén hai outra liña para colocar luces e que todo está no D.O.G.A.

Respecto a que no ano 2015 xa están liberados porque non quedan préstamos, di que só faltaría que non pagaran os préstamos, xa que os préstamos vencen e non considera lóxico que se meteran en máis préstamos. Explica que non ten as facturas de E.ON, por iso fala 256.000€, que é a documentación que ten ela como membro da oposición. Considera que unha vez que se lle pague se poderá negociar. Respecto ás liquidacións pregunta se o Sr. Concelleiro de Facenda non lle da credibilidade ás contas do Estado. Refírese á adxudicación que se fixo a unha empresa, recorda que a oposición non ten información desa adxudicación, pero esa información está colgada no diario Crónica 3.

O Sr. Castro Reigosa dí que considera que entón xa estaba informada.

A Sra. González Loredo responde que o leu nos papeis, pero que esa información non lla deron á oposición. Supón que as empresas que se presentan ó concurso que se decatarían. Respecto a que o equipo de goberno xa veu reducindo gastos, di que se nas épocas de bonanza non se aproveitou para poñer ben as contas non se vai facer agora.

O Sr. Castro Reigosa considera que á oposición dáselle conta nos plenos.

A Sra. López-Braña Freije, Concelleira do Grupo Municipal Popular, intervéne e manifesta que considera que está mal feito, xa que teñen que sabelo antes que a prensa.

O Sr. Alcalde recorda que están nun pleno e hai que respectar as quendas de intervención.

O Sr. Castro Reigosa considera que si que hai aforro se se contempla que no 2011 houbo gastos correntes de 1.400.000€ e contéplanse para as tres anualidades seguintes 1.100.000€, coas seguintes subidas, xa que os servizos tamén soben e iso hai que compensalo con outros aforros. Contéplan 8.100.000€ para os vindeiros exercicios sabendo que algúns servizos van aumentar o custe, así que evidentemente hai que compensar unha cousa con outra e comprométense. Explica que non está a conta oficial de 2011, pero hai datos bastante reais, xa que os datos oficiosos din que os ingresos foron de 10.849.000€ e os gastos 9.759.000€, cre que indica aforro.

A Sra. González Loredó di que xa o debateron na anterior conta e se debaterá na próxima conta xeral.

O Sr. Castro Reigosa reitera que os datos son oficiosos e que en breve estará a Conta, que os resultados para os vindeiros exercicios van paulatinamente e os primeiros anos van ser os máis axustados. Contesta ao Sr. Reymóndez Gancedo que se reduciron os gastos de Cultura nun 60%.

O Sr. Reymóndez Gancedo intervéne dí que lle parece ben pero considera que igual hai que reducir moito máis, xa que igual hai servizos que non son imprescindibles.

O Sr. Castro Reigosa manifesta que lle gustaría coñecer a opinión de algún outro concelleiro.

O Sr. Alcalde quere dar a súa opinión e despois someter o asunto a votación, xa que as posicións están claras. Remítense aos argumentos da Sra. Interventora e do Sr. Concelleiro de Economía. Quere agradecer o traballo facilitado pola Área de Economía nos últimos días e nas últimas horas.

Explica que hai un Plan de Axuste que sorprende á oposición porque non revela nada novo ou grandes cuestións, pero di que levan 4 anos con remanentes positivos, gastando menos do que se ingresa, están facendo política de aforro, aínda que igual non reduciron o suficiente na factura de telefonía. Respecto á tarifa de último recurso e as dificultades que había con E.ON, informa que se resolveron satisfactoriamente a finais de ano, despois de tres meses de negociación.

Considera que se licitou un concurso e non hai porqué excitarse tanto, porque era un concurso aberto que puido ter sido negociado. Quíxose facer aberto porque no mandato anterior el mesmo se comprometeu diante do concelleiro do PSOE a facelo así e mantívose, e fíxose por menos diñeiro, e non porque esta empresa o fixera moito máis barato, senón que as obras licitadas foron menos, porque no pasado había tres persoas de baixa, polo que o servizo estaba sendo prestado por unha empresa externa e agora esas persoas de ámbito municipal están facendo horas que facía unha empresa externa, e esta empresa foi a mellor das que se presentaron.

Continúa o Sr. Alcalde e dí que se prestou o mesmo servizo pero con menos horas porque se está facendo internamente, o que tamén supón un custo, xa que as nóminas e a seguridade social hai que pagalas. Manifesta que non o están inventando nese intre, xa que o planeamento urbanístico ten que ser futurible, porque non hai ningunha corporación do Estado que estea falando sobre cousas fixas a 8 ou 9 anos, porque os mandatos rematan cada 4 anos. Explica que están pagando unha débeda que non xeraron, aínda que admite que o último préstamo foi culpa súa, por estar nun goberno de coalición, xa que tiñan a súa parte, pero dende o ano 2006 non se pide ningún préstamo. Informa que este ano pediuse, fai uns meses, un préstamo con cargo ao ICO a devolver en 3 anos, é dicir, que no seu mandato tamén se remata.

Manifesta tamén que teñen pendente, a día de hoxe, a nivel financeiro 1.166.000€, e se non houbera o Plan, ó rematar o mandato quedaría liquidada a débeda municipal. Por tanto, se agora van a un Plan de Saneamento e piden 1.600.000€ ou menos, ao final do mandato habería pendentes 1.615.000€, con toda a carga.

Indica igualmente que en caso de dúbida colleuse o gasto maior e o ingreso menor. Respecto á cuestión do IBI explica que se segue con ese tipo, pero se se aproba o Plan definitivamente e se revisa a ponencia catastral, por Lei hai que rebaixar o tipo e así vai contemplado. Di que ogallá se aprobe, que xa se revisará á baixa o tipo, xa que o valor catastral elevarase.

Respecto aos gastos de persoal de confianza e gabinete de comunicación, afirma que o sumatorio do que cobra o alcalde no ano 2012 e unha persoa como cargo de confianza suma o que ganaba o alcalde do PSOE. O Sr. Alcalde explica que alude ó que estima conveniente aludir. Explica que o gabinete de prensa supón 600€ ó mes máis IVE. Informa que se non traballa hai moito persoal municipal, e ás veces esíxelles moito e están traballando neso e van conseguilo, pero saben que están condenando o mandato para pagar nóminas, luces e préstamos, pero van ter que traballar máis.

Pon de manifesto, o Sr. Alcalde, que despois nos plenos, no apartado de rogos e preguntas van dicir que as rúas están sucias, as áreas recreativas sen desbrozar, as defecacións dos cans etc. pero para iso hai que ter persoal e contratalo. Considera que coas 110 persoas que hai contratadas igual se pode facer un 20% máis de traballo. Di que está na cabeza do goberno municipal, e non queren botar á metade da xente porque despois quen vai facer o traballo. Explica que respecto á escola de música, xa se subiron as tarifas o ano pasado, que igual non é suficiente, pero a Xunta que daba 17.000€, baixou a 14.000€ e agora quedou en 4.000€. Cre que a algún concelleiro lle encantaría que se “volatilizara” a escola de música polos aires e se convertera en almacén de maquinaria municipal, pero non o van facer así, aínda que igual teñen que seguir subindo as taxas, pero chegar a equiparar ingresos e gastos vai ser imposible porque terían que cobrar 3.000€ ao ano de matrícula.

Continúa coa súa intervención o Sr. Alcalde e explica que se trata dunha das mellores escolas de música do país, con 300 alumnos.

Respecto ao plan de aforro enerxético, de que non se pediu unha subvención para o polígono industrial do ano pasado, di que o ano pasado o polígono estaba moi verde e non procedía pedir subvencións para ordenar nada. Xa sabe que agora hai subvencións do INEGA para facer Plans de Aforro Enerxético que subvencionan ata o 80%, pero están niso. Explica que están facendo un que non custa nada porque o fai a Reserva da Biosfera ó 100%, e a calidade é igual que o da subvención da Xunta. Explica que se se fai unha auditoría e se pagan 100.000€ propoñen ata o filamento da lámpada que hai que poñer, pero se costa 20.000€ fan un estudio coas facturas e piden información ós electricistas e fan suxestións. Admite que pode haber dúas misións e sabe que hai que “apertar o cinto” e non gastar máis do que se ingresa, pero considera que todo é

relativo, xa que se pode dismantelar o concello e así non hai ningún gasto, e sacar Cultura ou botar á metade do funcionariado, pero pensa que a situación é grave e eles non fan política económica nin teñen capacidade.

Admite, o Sr.Alcalde, que si que poden tapar os “baches” ou facilitar axuda a domicilio, porque a xente vai protestar, pero a Xunta sacou o 70% da subvención e remítese aos datos, ao 90% que quedou relativo ao 70% e oxalá non fora así, espera que para o ano próximo veña mellor, aínda que teme que non vaia ir mellor. Explica que á xente dálle igual, non entende que lle deixen de prestar o servizo, e ese servizo é inversión, non gasto corrente, iso serían as luces, as nóminas do persoal que traballa en axuda a domicilio, cultura etc. pero tampouco queren un país de analfabetos. Explica que é cuestión de que o concello é un pequeno Estado con moitas limitacións e tenta facer de todo: política cultural, política económica, porque cando non se fai tamén os critican.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por 7 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 6 votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PP e dos concelleiros do PSdG-PSOE e UPRI no Grupo Mixto), acorda:

1º.Aproba-lo presente plan de axuste cuxo contido cumpre cos requisitos previstos no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.

2º. Remitir o presente Plan de axuste, ao día seguinte da súa aprobación polo Pleno ao Organo competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por vía telemática e con frma electrónica.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos,trámites e xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as vinteunha horas e trinta minutos, polo Sr.Alcalde-Presidente levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.